

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O VALEDOR DO POBO E OS COMISIONADOS UNIVERSITARIOS DE GALICIA (TRIBUNAL DE GARANTÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA)**

En Santiago de Compostela, a 28 de maio de 2014

**COMPARECEN**

Dunha parte: Don José Julio Fernández Rodríguez, na súa calidade de Valedor do Pobo (en funcións), actuando en nome e representación desta institución, en exercicio das facultades conferidas pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 135, do día 14 de xullo do mesmo ano, e

Doutra parte: Don Argimiro Rojo Salgado, Presidente do Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, que asina por delegación do Reitor D. Salustiano Mato de la Iglesia, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 20 de febreiro de 2014; D. Miguel Alcaraz García, Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, que asina por delegación do Reitor D. Juan J. Casares Long, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 6 de maio de 2014; e D. Enrique Martínez Ansemil, Valedor Universitario da Universidade da Coruña, que asina por delegación do Reitor D. Xosé Luís Armesto Barbeito, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 19 de maio de 2014.

**EXPOÑEN**

O Valedor do Pobo e os Comisionados Universitarios acordan o presente Convenio de colaboración e prestación de servizos de interese mutuo.

A Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, de acordo co establecido no artigo 90 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (SUG), teñen regulada a figura do Comisionado/a Universitario/a cuxas funcións, de acordo coa lexislación universitaria, consisten en velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, e cuxas actuacións van sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os ámbitos.

O Valedor do Pobo e os Comisionados Universitarios consideran oportuno establecer este convenio en aras de fortalecer o desenvolvemento dos dereitos e liberdades fundamentais dos membros da Comunidade Universitaria do SUG, de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Os Comisionados/as Universitarios/as trasladarán ao Valedor do Pobo aqueles asuntos nos que, polo seu contido, resulte necesaria a súa intervención.

SEGUNDA.- Os Comisionados/as Universitarios/as poderán instar a actuación do Valedor do Pobo naqueles temas que, polas súas especiais circunstancias, aconsellen a intervención do mesmo, especialmente cando afecten ao conxunto do SUG.

TERCEIRA.- Nos supostos de queixas iniciadas de oficio polo Valedor do Pobo ou a instancias dalgún Comisionado/a Universitario/a, o Valedor do Pobo informará aos Comisionados/as interesados das súas xestións e do resultado das mesmas.

Nos supostos citados, os Comisionados/as Universitarios/as gardarán sobre os mesmos a mesma reserva e confidencialidade que se esixe do Valedor do Pobo na súa normativa reguladora.

CUARTA.- Os anteriores puntos deben entenderse no bo sentido de que calquera membro da Comunidade Universitaria e ao amparo do disposto na Lei 4/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, pode dirixirse directamente a este ao obxecto de suscitar aquelas queixas e peticións que estime conveniente para a defensa dos seus dereitos.

QUINTA.- O Valedor do Pobo e os Comisionados/as Universitarios/as na tramitación de queixas referidas á Comunidade Universitaria, poderán solicitarse a mutua e recíproca colaboración cando estimen que iso pode contribuír á mellora, axilidade e eficacia das súas xestións.

SEXTA.- Cando o Valedor do Pobo ou algún Comisionado/a Universitario/a estime que pode terse producido simultaneamente a entrada dunha mesma queixa en ambas oficinas, porán o asunto en coñecemento da outra parte para verificar tal extremo e, de selo caso, coordinarse nas súas intervencións.

SÉPTIMA.- No marco do presente convenio e para a súa mellor concreción e eficacia, poderán establecerse reunións periódicas de traballo entre representantes designados polas partes.

OITAVA.- Os Comisionados/as Universitarios/as e o Valedor do Pobo, comprométense a promover ou colaborar en actividades académicas, formativas e de difusión en relación coas Defensorías e o seu papel na sociedade á que prestan os seus servizos.


NOVENA.- Este convenio ten carácter administrativo e está sometido á xurisdición contenciosa-administrativa. A súa sinatura non comporta obrigas económicas a satisfacer entre as partes.


DÉCIMA.- Os Comisionados/as Universitarios/as comprométense a difundir o contido e os termos deste acordo entre os membros das súas respectivas universidades.


UNDÉCIMA.- O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, prorrogables de forma automática polo mesmo período, salvo denuncia expresa dunha das partes, que deberá ser comunicada cunha antelación mínima de tres meses ao prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, do vencemento de calquera das prórrogas, se a houbera.

En proba de conformidade, asínano o Valedor do Pobo, o Presidente do Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, o Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela e o Valedor Universitario da Universidade da Coruña, no lugar e data arriba indicados.

  
José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo en funcións

  
Argimiro Rojo Salgado,  
Presidente do Tribunal de Garantías da  
Universidade de Vigo

  
Enrique Martínez Ansemil  
Valedor Universitario da Universidade da Coruña

  
Miguel Alcaraz García  
Valedor da Comunidade Universitaria da  
Universidade de Santiago de Compostela